

*Facultade de Ciencias
Económicas e
Empresariais*

*Plan de promoción
do centro.*

Informe actividades

Curso 2023-2024

R1- DO0202 P1

PLAN DE PROMOCIÓN DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

Curso 2023 - 2024

Contido

1. INTRODUCCIÓN	3
2. ACTO DE PRESENTACIÓN AO NOVO ALUMNADO.....	3
3. EDUGAL	4
4. DÍA DA MULLER.....	4
5. FEIRA EMPREGO INCAMPUS	5
7. XORNADAS, CONFERENCIAS E OBRADOIROS.....	7
8. VISITAS DE INSTITUTOS	9
9. ACTOS DE GRADACIÓN.....	10
10. PREMIOS/DISTINTIVOS.....	11
11. PROMOCIÓN DOS MÁSTERES DA FACULTADE.....	12
11.1. Información e promoción facilitada pola Universidade.....	12
11.2. Información e promoción facilitada pola Facultade de Económicas	13
11.3. Máster en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	13
11.4 Máster en Economía.	15
11.5. Máster en Finanzas.	15
11.6. Máster en Técnicas Estatísticas.....	16

1. INTRODUCCIÓN

Na facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no curso 2023/2024, impartíronse os seguintes graos e mestrados:

- Grao en Administración Dirección de Empresas (GADE) + Programa de simultaneidade de estudos ADE-Dereito.
- Grao en Economía (GECO)
- Mestrado en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa (MAiE).
- Mestrado en Economía (MECO).
- Mestrado en Finanzas (MF).
- Mestrado en Técnicas Estatísticas (MTE).

O Mestrado en Xestión do Desenvolvemento Sostible (MXDS), suspendido dende o curso 2022/2023, non se impartiu durante este curso académico e procedeuse á súa extinción (acta da CGIC e da Comisión Permanente do 03/05/2024).

Todos os títulos contribuíron dalgún xeito á promoción da Facultade, no desenvolvemento das súas actividades. A continuación describiremos brevemente algunhas das actividades levadas a cabo no centro, seguindo unha orde cronolóxica.

2. ACTO DE PRESENTACIÓN AO NOVO ALUMNADO

O curso comeza cun **acto de presentación** do Alumnado de primeiro por primeira vez. Co fin de que o Alumnado que se matricula por primeira vez na Facultade teña suficiente información, organizouse un acto de benvida o día 6 de setembro de 2023 no Salón de Actos da Facultade.

Esta xornada de acollida vai dirixida tanto para alumnado de primeiro curso como a alumnado de continuidade. A equipa decanal proporcionou información a todo alumnado sobre os seguintes aspectos organizativos:

1. Presentación da equipa decanal, así coma dos coordinadores de curso de cada titulación.
2. Presentación dos recursos facultade (aulas, laboratorios, comedor, biblioteca, etc.), así como a súa ubicación. Tamén se explicou como acceder a wifi e a

importancia de uso da web do centro, así como dos recursos da plataforma de Teledocencia.

3. Descrición das titulacións: xeral, por cursos e cuadrimestre, tipoloxía de materia, TFG e prácticas.
4. Plan de Internacionalización. Programa en Inglés.
5. Proceso de matrícula e asignación de estudantes a grupos.
6. Plataforma de Teledocencia.
7. Outros servizos de interese da UVIGO.
8. Enquisas de satisfacción e de avaliación docente e a súa importancia
9. Plan de Acción Titorial con especial mención ao Plan de Atención ao Alumnado con Necesidades Especiais.
10. Canles de comunicación (MooVi, Email, Web, pantallas en vestíbulo, taboleiros, Caixa QSPs, etc.).
11. Participación: delegados/as de grupo e representantes de estudantes.

3. EDUGAL

A Facultade participou con un *stand* no 12º Saló de Educación e Formación de Galicia, que se celebrou os días 4, 5 e 6 de outubro de 2023 no Recinto Feiral de Pontevedra. Alí repartíronse folletos informativos sobre as diferentes titulacións da Facultade, e atendéronse persoalmente dúbidas e preguntas do alumnado que visitou o salón por parte de varios membros da equipa decanal.

4. DÍA DA MULLER

Co gaio da celebración do Día da Muller, o día **8 de marzo de 2024** levouse a cabo a Mesa redonda: “Mulleres na Economía e na Empresa”, coorganizada co Colexio de Economistas de Pontevedra. Exerceu de moderadora, María Dolores Garza (Decana da nosa Facultade), e interviron Arancha Mañas (APROEMA, Asociación Profesional de Empresas Medioambientales de Galicia), Ana María Mejías (Representante do Estado na Zona Franca de Vigo), María Troncoso (Xestora de Comunicación de Coca-Cola Europacific Partners) e Carla Bartolomé (Asociación de Mulleres en Igualdade de Vigo).

Nesta mesa as participantes espuxeron as súas experiencias no mundo laboral ate chegar aos postos que ocupan actualmente. Posteriormente houbo unha rolda de intervencións no que participou, con preguntas e comentarios, o público asistente.

O evento foi publicitado a través da sección de “novas” da páxina web do centro; mediante correos electrónicos enviados ao alumnado, a profesorado, PAS da facultade e a comunidade universitaria en xeral, e tamén se publicou a información nos espazos comúns de MooVi.

5. FEIRA EMPREGO INCAMPUS

Os días 27 e 28 de febreiro de 2024 a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais foi sé da Feira de Emprego INCAMPUS, que anualmente organiza a Universidade de Vigo para brindar á comunidade universitaria a oportunidade de coñecer de primeira man as opcións profesionais que ofrecen entidades de moi diversos sectores e contactar directamente cos seus responsables de selección. Tamén se celebrou, en diferentes datas, nos Campus de Ourense e Pontevedra.

A feira está aberta a todo o alumnado, aínda que está especialmente enfocada a estudantes de último curso ou persoas tituladas. Neste curso académico a organización correu a cargo da Unidade de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo (<https://www.uvigo.gal/es/universidad/administracion-personal/organizacion-administrativa/unidad-empleo-emprendimiento>) e a Fundación Mentor (<https://fundacionmentor.org/>).

Ás empresas ofértaselles:

- Un *stand* gratuíto no campus Universitario
- Difusión das súas ofertas de Emprego.
- Posibilidade de impartir un seminario nos días da feira.
- Capacidade de axendar e realizar entrevistas de recrutamento durante a feira.
- Interacción con potenciais candidaturas a través dun *stand* dixital
- Recepción de CVs das candidaturas a través dunha plataforma dixital (envío de CV a través de código QR).

Na Feira de Emprego participaron aproximadamente 100 empresas e máis de 300 alumnos/as. Antes do desenvolvemento da feira, o alumnado ten a posibilidade de preparar a súa candidatura nos obradoiros EMPREGarte , organizados con ese fin.

Neste obradoiro o alumnado aprende a preparar un CV existoso e diferente, a decidir cales son as empresas máis acordes ao seu perfil e tamén a presentarse ante os recrutadores/as.

Estas foron as empresas participantes:

Abanca, Adecco, AVIGAL, Baltar Abogados y Asesores Tributarios SLP, Banco Sabadell, BDO Auditores, BEPROJECT Consultoría de Formación y Empleo S.L., Bimba y Lola, BIOGA, CINBIO (Centro de Investigación e Nanomateriales y Medicina), Codisoil S.A., Colegio de Economistas de Pontevedra, CUATRECASAS, DECATHLON Logística, Deloitte, EY, FORVIA, Generali, Grupo Nortempo, Grupo Profand, Grupo Zendal, Colegio Oficial de Graduados Sociais, Inprosec, ISPROX, Kaleido Ideas & Logística, LENER, Leroy Merlin, MAIER Ferroplast SCG, MAZARS, On Tax & Legal, PwC, Rede de Emrego Conect@ Vigo, Starnaliza holding, WOFCO e Xuventude Mentoring.

Destas empresas, algunhas decidiron solicitar a impartición dun breve seminario/presentación o mesmo día da Feira de Emprego. Estas presentacións tiveron lugar no Seminario E da Facultade, co seguinte horario:

10:00 a 10:15	Presentación de BDO
10:20 a 10:35	Presentación da Deloitte
10:40 a 10:55	Presentación de Ernst & Yourng/EY
11:00 a 11:15	Presentación de GARRIGUES
11:20 a 11:35	Presentación de Bolsa de Emprego e COLEGIO ECONOMISTAS PONTEVEDRA.
11:40 a 11:55	Presentación de DECATHLON

Ademais de visitar aos stands, o alumnado asistente tivo a súa disposición o “Pasaporte de Empregabilidade”, un espazo no que podían recibir asesoramento sobre o teu CV e facerte unha foto de calidade para usala no seu CV ou redes sociais profesionais.

Paralelamente á Feira de Emprego, desenvolveuse o III Foro Talento Fundamental, organizada pola Fundación Mentor, en colaboración coa Universidade de Vigo e a Fundación Sabadell, e co patrocinio de Profand, Zendal e Concello de Vigo. O foro tivo lugar na Facultade os días 27, 28 e 29 de Febreiro. Este foro brindou ao alumnado a oportunidade de participar en conversas, mesas redondas e obradoiros para axudarlles na busca de emprego.

No seo deste foro, tiveron lugar as seguintes actividades:

Taller Futur Fest (Sala AILA e Aula Seminario 7):

- 27/02/2024. De 9:15 a 10:45. Despierta la estrella que hay en ti. ¡Desbloquea tu potencial y empieza a destacar en el mundo laboral!
- 28/02/2024. De 9:15 a 10:45. Descubre tu escenario de oportunidades.
- 29/02/2024. De 9:15 a 10:45. Encuentra tu crush profesional, ¿hacemos match?

Mesas Redondas (Salón de Actos)

- 27/02/2024. De 11:00 a 12:30. Mesa Redonda 1. Inteligencia artificial: “un beat de reflexión”.
- 28/02/2024. De 11:00 a 12:30. Mesa Redonda 2. La crew del liderazgo: “un equipo REAL”. Gestión de equipos de alto rendimiento.
- 29/02/2024. De 11:00 a 12:30. Mesa Redonda 3. Flow social: “las soft skills del éxito”.

Monólogo de Leo Harlem (Salón de Actos)

- Deixa que te cuente. 27/02/2024, de 12:00 a 13:45.

Conversas Inspiradoras (Salón de Actos)

- 28/02/2024. De 12:45 a 13:45. Conversación con Desirée Vila.
- 29/02/2024. De 12:45 a 13:45. Conferencia de Juanma López Iturriaga. El deporte, escuela de Vida.

7. XORNADAS, CONFERENCIAS E OBRADOIROS

Ao longo do curso, no centro organizáronse conferencias e charlas que, aínda que dirixidas a toda a comunidade universitaria, estiveron centradas en dar a coñecer ao noso alumnado a realidade económica do noso entorno.

Ao longo do curso 23/24 estas foron as que se levaron a cabo:

Actividades de empregabilidade 2024: Charlas de Proxección Profesional

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, en colaboración ca Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade e o Colexio de Economistas de Pontevedra, organizou as seguintes conferencias:

09/04/2024: Conferencia: Alejandro Cobas Piñeiro (Director e Socio de PwC). “Habilidades requeridas nas grandes consultoras”.

08/05/2024: Conferencia. Belén Pardiñas (Directora de Recursos Humanos de Bimba y Lola). “Como enfrentarse a unha entrevista de traballo”.

11/06/2024: Conferencia: Javier Cebreiros (Fundador de Ensaia). “Comunicación, emocións e outras soft skills relevantes”.

Outras actividades:

22/05/2024: Conferencia: Ferrán Adriá. “Imagínemos: 100 anos de Innovación”.

“Imagínemos sin límites. Solo quien conoce las preguntas puede imaginar nuevas respuestas”

Posteriormente tivo lugar a presentación do “Challenge ELBULLI1846”. Este challenge ten como obxectivo o estímulo, a difusión e o coñecemento da metodoloxía sapiens (metodologiasapiens.com) na comunidade universitaria para a súa aplicación a traballos de fin de grado, traballos de fin de master e proxectos innovadores nas materias de cursos de grado e master. Ferrán é embaixador de Telefónica e este proxecto está realizado por el en colaboración coa Cátedra Telefónica da Universidade de Vigo.

O “ChallengeBULLI” está sendo promovido en múltiples universidades e escolas de negocio de todo o mundo (Harvard, MediaLab do MIT, London Business, Columbia, ESADE, IESE, etc.).

Obradoiros

23/10/2023. Curso “Elaboración de Informes de Sostenibilidad Empresarial”.

As empresas precisan profesionais que coñezan as novas obrigas dos informes anuais de sostibilidade ESG, de acordo coa nova directiva europea vinculada aos obxetivos do “Green Deal”. Para tal fin, a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo promoveron a realización deste curso de formación gratuíto dirixido ao PDI, profesionais, e estudantes de calquera rama de coñecemento, dunha única sesión de 4h.

26/10/2023. Curso/sesión informativa “Auditoría de Cuentas. Esta sesión foi organizada polo Colexio e Economistas de Pontevedra e dirixido a estudantes de últimos cursos de GADE. A súa finalidade foi dar a coñecer as saídas profesionais nas firmas de auditoría e presentar o curso gratuito “Habilidades Auditoría” coa posibilidade de realización de prácticas*.

*Curso “Habilidades Auditoría”. Organizado polo Colexio de Economistas de Pontevedra. Curso grautito dirixido a alumnado de ADE, ADE-Dereito e Economía. O curso constou de cinco sesións, que tiveron lugar os venres 3, 10, 17 e 24 de novembro e 1 de decembro, de 16 a 20 horas, no Círculo de Empresarios de Galicia en Vigo, e impartido por profesionais de firmas de auditoría.

23/02/2024. Curso “Advanced Trading 2024”

Curso do Centro de Postgrao e Formación Permanente, Área de Formación e Innovación Educativa, coordinado polo profesor Jorge Biglieri, e que tivo lugar dende o 23/02/2024 ao 22/03/2024, os venres de 16 a 21 h. (32 horas lectivas).

8. VISITAS DE INSTITUTOS

Conscientes de que a promoción das nosas titulacións comeza nos institutos, a equipa decanal do noso centro atendeu a visita de 22 institutos. Máis de 600 alumnos e alumnas de secundaria visitaron o centro, a maior parte. No cadro que se presenta a continuación proporciónanse datos da procedencia e número de estudantes que visitaron o centro.

As visitas tiveron lugar entre xaneiro e maio de 2024 (agás un centro que visitou no mes de novembro de 2023) e foron atendidas por un membro da equipa decanal que, ademais de acompañalos nun percorrido polas instalacións, amosando os servizos do centro, realizou unha presentación sobre as diferentes titulacións que se imparten na facultade, cos seus contidos, estrutura, e posibles saídas laborais.

NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	DATA
Colexio Los Sauces	Pontevedra	24/11/2023
IES Primeiro de Marzo	Baiona	18/01/2024
IES A Guía	Vigo	21/02/2024
IES As Barxas	Moaña	21/02/2024
IES Coruxo	Vigo	21/02/2024
Colexio Los Sauces	Mos	22/02/2024
IES de Valga	Valga	27/02/2024
IES Castelao	Vigo	27/02/2024
IES San Tomé	Vigo	06/03/2024
IES Ribeira do Louro	O Porriño	07/03/2024
IES O Castro	Vigo	07/03/2024
IES Val do Tea	Ponteareas	11/03/2024
IES Val Miñor	Nigrán	11/03/2024
IES A Cañiza	A Cañiza	15/03/2024
IES Rodeira	Cangas	18/03/2024
IES Paralaia	Moaña	18/03/2024
Colexio Amor de Dios	Vigo	22/03/2024
IES San Paio	Tui	11/04/2024
IES Pazo da Mercé	As Neves	11/04/2024
IES A Basella	Vilanova de Arousa	30/04/2024
IES San Tomé	Vigo	02/05/2024
CPR Divino Salvador	Coruxo (Vigo)	14/05/2024

9. ACTOS DE GRADACIÓN

Os actos de gradación son unha boa forma de promocionar o centro. As familias teñen a oportunidade de visitar a Facultade e ver o resultado acadado polo noso estudantado. Os actos teñen unha proxección a nivel de prensa que consideramos moi atraente para o futuro alumnado.

Os días 12 e 14 de xuño de 2024 tiveron lugar no Salón de Actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais os actos de gradación correspondentes ao Grao en Economía e Grao en ADE, respectivamente. O alumnado do PCEO celebrou o seu acto no salón de actos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (13/06/2024).

Na nosa facultade, celebrouse a gradación de 95 alumnos/as de Administración e Dirección de Empresas (12ª Promoción 2020/2024) e 29 de Economía (12ª Promoción 2020/2024).

Os actos contaron coa participación das seguintes persoas que actuaron como padriños das promocións:

- No do Grao en Administración e Dirección de Empresas, participou Eugenio González de Haz, Director Xeral de Radio Vigo Grupo de Comunicación, como padriño da promoción. O padriño académico, nesta ocasión foi Pedro Lorenzo Alonso, profesor da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
- No grao en Economía, a madriña da promoción foi Arancha Mañas Álvarez, CEO de PMA Nutrigas. O padriño académico, nesta ocasión, foi Consuelo Pazó Martínez, profesora da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Nos actos entregáronse tamén premios aos mellores expedientes académicos, en concreto a Inés Bello Modia (ADE) e Gabriel González Darroza (Economía). En cada acto permitíuse ao alumnado que invitase a un máximo de 4 persoas. Así que, entre o profesorado, o coro, o propio alumnado e as persoas invitadas, asistiron aproximadamente 400 persoas no de Administración e Dirección de Empresas e unhas 250 no de Economía.

Rematamos os actos servindo un viño de honra para os asistentes, nos que podemos ter contacto directo coas familias do noso alumnado

10. PREMIOS/DISTINTIVOS

Outra forma de dar visibilidade ao noso centro, é cando o noso alumnado participa en premios pola elaboración dos seus traballos de fin de grao e dar así valor ao traballo feito ao longo dos catro anos do grao. No curso 2023/24, o día 24/06, os alumnos Hernán Miguel Comesaña Cayetano e Gabriel González Darroza obtiveron o Premio Isaac Díaz Pardo do Colexio de Economistas de Pontevedra ao mellor TFG do curso 2022/2023.

O día 11 de outubro de 2024, o o alumno Tomás Aparicio Ayán, de GADE (Plan de

Simultaneidade de Estudos ADE-Dereito), gañou o Campeonato do Mundo de Oratoria en Español, organizado pola Liga Española de Debate Universitario (LEDU). Este campeonato foi disputado en Madrid, no Espacio Fundación Telefónica. Os finalistas foron catro (de España, Colombia, Arxentina e Italia), e para clasificarse superaron aproximadamente 400 candidaturas de máis de 20 países. Tomás foi previamente subcampeón da Liga Española de Debate Universitario en 2022.

A Facultade sigue mantendo o Distintivo de Igualdade (que obtivo en maio de 2022), que ten unha vixencia de seis anos e foi outorgado aos centros atendendo a criterios como a inclusión da perspectiva de xénero nos plans de estudo, as liñas de investigación e transferencia que incorporen a perspectiva de xénero, o número de persoas expertas e/ou implicadas na promoción da igualdade de xénero, a organización de actividades que contribúan á sensibilización en material de xénero, o grao de composición paritaria dos órganos de goberno do centro, o uso de linguaxe inclusiva e non sexista nos documentos e comunicación interna etc.

No curso académico 2023/24 a Facultade obtivo o Distintivo de Empregabilidade, concedido pola Unidade de Emprego e Emprendemento, Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade da Universidade de Vigo. Este distintivo a Universidade reconece aqueles centros que destacan na promoción activa e permanente da mellora da empregabilidade do seu alumnado. O noso centro obtivo a máxima puntuación entre os centros do Campus de Vigo, con 72/100, valorándose moi positivamente a organización de Feiras de Empleo, a participación activa do alumnado e a colaboración coas empresas. Entregáronse as distincións o día 8/02/2024.

11. PROMOCIÓN DOS MÁSTERES DA FACULTADE

11.1. Información e promoción facilitada pola Universidade

A Universidade a través da súa web institucional ofrece información e enlaces ás webs dos másteres ofertados:

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/masteres>

Tamén ofrece información sobre a matrícula en canto a requisitos, prazos, documentación, etc.

<https://www.uvigo.gal/estudar/acceder/acceso-masters>

11.2. Información e promoción facilitada pola Facultade de Económicas

A Facultade de Económicas ofrece información ao alumnado, en especial aos de últimos cursos das titulacións de Grao sobre a oferta de Másteres. En primeiro lugar, a través da web da Facultade con información e enlaces ás webs dos másteres: <http://fccee.uvigo.es/es/masteres/>

Dende o Decanato envíase a final de curso un correo electrónico ao alumnado de último curso con información resumida sobre os másteres: contido, profesorado, saídas profesionais, etc.

No vestíbulo da Facultade hai carteis coa oferta de másteres e os datos de acceso á información detallada a través de web ou contacto cos coordinadores.

11.3. Máster en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa

O máster ten unha completa web con información detallada sobre todo os aspectos de interese para potencial alumnado:

<http://maierc.webs.uvigo.es/index.php>

Nesa páxina proporciónase información sobre o plan de estudos, o persoal docente e a metodoloxía empregada, así como do calendario e horarios, prácticas etc. A páxina actualízase de maneira continua ante calquera modificación na información e nela recóllense as últimas novidades do master, que teñen lugar ó longo do período docente. Ademais, en período de preinscrición e matrícula amosa as etapas e as novidades que xorden, así como información relevante para manter ao día aos interesados en realizar a matrícula no MAiE.

Durante o curso 2023-2024, leváronse a cabo diversas conferencias e talleres, así como outras actividades para a difusión do MAiE entre os estudantes da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

Algunhas destas actividades plasmáronse nos seguintes **talleres e conferencias**:

Título	Ponentes	Fecha	Aula
TALLER DE EMPLEO Obradoiro Cos pés na terra?	<i>Sabemos elaborar un currículum eficaz?</i> Elena Martínez Alonso Fundación Ronsel <i>Que demanda o mercado laboral actual?</i> <i>Que se valora nun proceso de selección?</i> <i>Competencias personais e actitude personal: compartindo historias inspiradoras</i> Fundación Ronsel <i>Dinámica: simulación dunha entrevista de traballo</i> Alba María Poncelas Téllez Fundación Ronsel	17 de OCTUBRE de 2023 a las 9:00 horas	Salón de Grados FCEE Vigo
ES LA RSE UNA INVERSIÓN DE FUTURO	Sonia Fernández Patiño Responsable de Recursos Humanos Delagro	22 de NOVIEMBRE de 2023 a las 11:30 horas	Aula-Seminario 8 FCEE Vigo
PLANES DE IGUALDAD	Xurxo Arias Cotobad Responsable de Recursos Humanos Borgwarner Vigo	28 de NOVIEMBRE de 2023 11:30-14:00 horas	Aula-Seminario 8 FCEE Vigo
GESTIÓN DE RRHH: CASO PRÁCTICO DE RSCI	Rafael Martínez Fernández Responsable de Recursos Humanos Stolt Sea Farm	1 de DICIEMBRE de 2023 9:00 - 14:00 horas	Aula-Seminario 8 FCEE Vigo
CONCILIACIÓN Y RSCI	Paula Domínguez Vázquez Talent Manager Gradient	5 de DICIEMBRE de 2023 11:00-14:00 horas	Aula-Seminario 8 FCEE Vigo

Tamén **se participou na Feira de Emprego InCampus** que tivo lugar na Facultade, os días 27 e 28 de febreiro de 2024 coa realización de actividades de Promoción do MAiE.

Además, este curso desenvolveuse unha **campaña promocional** na Facultade de Comercio, co lema '**Reinventar tu futuro**', incidindo nas vantaxes de cursar o MAiE unha vez concluída a formación de Grao. Nesta campaña deuse a opción ao estudiantado de contactar co coordinador, así como brindoulles toda a información do MAiE: Plan de estudos simplificado, profesorado, inserción laboral, resultados de rendemento, resultados de satisfacción, etc.

11.4 Máster en Economía.

O máster ten unha completa web con información detallada sobre todo os aspectos de interese para potencial alumnado:

<https://www.mastereconomia.gal/>

O Máster tamén se oferta a través das Becas BEME da Xunta de Galicia.

Ao ser un título interuniversitario, durante o curso 2023-24 leváronse a cabo as diferentes actividades de promoción en cada unha das universidades participantes (Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), así como promoción xeral do Máster (dende a Universidade de Vigo como centro coordinador do Máster).

Edición de carteis e dípticos que foron colocados nas Facultades de Economía das universidades participantes, así como noutros centros (Facultades de Humanidades (UVigo), Matemáticas (USC) e Físicas (USC)).

Resposta a múltiples e-mails de alumnos estranxeiros interesados en cursar o Máster de Economía.

11.5. Máster en Finanzas.

O máster de Finanzas ten unha completa web con información detallada sobre todos os aspectos de interese para potencial alumnado:

<https://masterfinanzas.webs.uvigo.es/>

Ademais da información incluída na web da UVIGO:

<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/mestrados/master-universitario-finanzas-v03m168v11>

Entre outras informacións que na web propia do máster se proporcionan podemos destacar: matrícula, criterios de admisión, programa e materias, horarios, saídas profesionais, calidade, localización, profesorado, etc. A páxina actualízase de maneira continua ante calquera modificación na información.

Tamén se ofrece información de interese e novidades a través de redes sociais:

- Twitter: https://twitter.com/masterfinanza?ref_src=twsrc%5Etfw%7Ctwcamp%5Eembeddedtimeline%7Ctwterm%5Escreen-name%3Amasterfinanza%7Ctwcon%5Es2
- LinkedIn: <https://es.linkedin.com/in/master-universitario-en-finanzas-761b74104>

O coordinador recibe numerosas peticións de información e preguntas ao longo do curso, maioritariamente a través de correo electrónico e formulario de contacto da web, que son respondidas aportando toda a información requirida. Entre estas consultas destacan as de alumnado estranxeiro.

11.6. Máster en Técnicas Estatísticas.

As accións de promoción do máster en Técnicas Estatísticas durante o curso 2023-2024 foron as seguintes:

- Envío de correos á comunidade universitaria anunciando a apertura de matrícula do máster (finais de xuño 2023, agosto 2023 e setembro 2023).
- Páxina web do máster: <http://eio.usc.es/pub/mte/index.php>
- Páxina de LinkedIn del título (<https://www.linkedin.com/in/m%C3%A1ster-t%C3%A9cnicas-estad%C3%ADsticas-572b7a59/?originalSubdomain=es>)
- Elaboración dun tríptico de publicidade e reparto do mesmo en diversos centros da Universidade de Vigo.
- Xornada de presentación do máster así como unha xornada de presentación de materias optativas do 3er semestre (11/09/2023)
- Xornadas de presentación de empresas que ofertan TFM (07/06/2024). En particular, a xornada correspondente ao curso 2023/24 se realizou por videoconferencia, a través de la plataforma MS Teams, onde participaron as seguintes empresas e institucións: EOS Spain, SDG Group, NORLEAN, CITMaga, IGE, SERGAS, FINSA, INDITEX, Gradient, Hijos de Rivera SAU, ABANCA, Misión biológica de Galicia CSIC, Instituto Español de Oceanografía, e FIDIS.